

06-12-2008

A choiva acompañaba, tamén andaba rondándonos a neve, todo envolto en brancura e transparencia, coma a súa alma. Presentaba o seu novo libro: ‘O aire, a luz e o canto’, obsequio que Caivanova quixo facernos a todos os presentes. Custodiábano torres firmes, homes competentes no uso e estudo da palabra.

A choiva acompañaba, tamén andaba rondándonos a neve, todo envolto en brancura e transparencia, coma a súa alma. Presentaba o seu novo libro: ‘O aire, a luz e o canto’, obsequio que Caivanova quixo facernos a todos os presentes. Custodiábano torres firmes, homes competentes no uso e estudo da palabra. Luis González Tosar, presidente do Pen Clube; Manuel Outeiriño, que soltaba aquel pensamento rotundo: ‘Son as propias palabras as que nos indican aquilo que enmudece’, e Xesús Alonso Montero, académico e catedrático, que celebraba o evento cun discurso de ouro.

Él calaba nesa silenciosa poesía que lle é tan propia. A súa expresión relaxada fíxome lembrar a aquel profesor das Lagoas que fruncíndonos lixeiramente a cella -lixeiramente, pouquísimo- aconsellábanos que ‘¡Ala, xa tedes que calar, xa vai dar comezo a clase!’. Eramos os seus alumnos e él o noso mestre, lástima que algúns homes non leven unha marca ben visible para indicarnos que é, a ese, ó que temos que especialmente escoitar e seguir. Pero a humildade e a sinxeleza precisan sabios lectores. E descubrín co tempo que non són nós -por ser tan noviños- sabíamos ler ben senón que había xente maior que non sabía ver nin mirar as cousas grandes. De tódolos xeitos, a vida concedérame o gran premio facéndome sentar alí, naquel pupitre da aula escoitando o seu galego suave, a lingua que non deixou que se perdera, colléndose de carpeta e lanzándose ós pobos para rexistrar a fonética.

Creo que son eses logros silenciosos os que van configurando estes espíritos tan ardorosamente prudentes. Pero é que Don Víctor -aínda que no que insisten todos é na súa mesura, e contención, no seu sosego elegante- eu creo verlle no latir de cada poema un ser apaixonado. Sí, senon non lle arderían os ollos ó falar de amor ou ó confesarnos ‘que non se pode vivir sen un ideal’. Ó seu grupo de apoio encantábanos oír que él era unha das grandes voces -entre os catro máis grandes-, da literatura galega, a quen se lle adicará o Día das Letras no seu momento. E esto quedou dito nada menos que por don Xesús Alonso Montero, que coma sempre engaiolou ós espectadores coa súa disertación rigorosa e formal, á vez que emotiva e doce. Sí, él sabe preparar perfectamente estas pócmas máxicas de contradicións aparentes.

Disfruto cando analizan os poemas do meu sabio profesor, disfruto cando se lle acende un sorriso especial, se mira hacia o banco onde se sentan as súas nenas (esas fillas que como nais coidan do seu pai coma



La Región

se fora o seu neno), disfruto cando él se confesa 'abriado por tantas cousas que se dín de mín', e aínda me parece que volvo á aula á analizar aquel poema que el escribiu na pizarra. Eu preguntaría-lle: '¿É quén é o autor?'. E él contéstame: 'Un poeta calquera'. Sempre o sospeitei, pero hoxe xa podo dicir-llo con forza e con alegría. Don Víctor aquel non era un poeta calquera, era un moi grande, un poeta con maiúsculas. Aquela contestación era unha adiviña pola que descubrín que a marca dos grandes, volvía a ser unha vez máis a humildade, esa virtude que ensalza a quen a mima. Felicidades.

Fuente:

<http://www.laregion.es/>